

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2020/4	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de xaneiro de 2020
Duración	Desde as 14:00 ata as 14:35 horas
Lugar	SALA DE XUNTAS
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES: D. Constantino Cordal Rodríguez, D. Samuel Lago Ozón, D. Xurxo Charlín Trigo e D^a M^a Cruz Leiro Peña

Non asiste: D^a Carolina Aragunde Laya.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión celebrada o día 22-xaneiro-2020 (Expte. XGL/2020/3)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día 22.01.2020
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestalle a súa aprobación.

2.- Expediente 5154/2018. Licenza Urbanística.- Acometida de gas en Rúa Carreira, 1 (Promotor: Nedgia Galicia, S.A.)

1. PETICIONARIO: Nedgia Galicia SL
2. OBXECTO DA OBRA: Acometida de gas
3. LUGAR DAS OBRAS: Rúa Carreira nº 1

4. EXPEDIENTE: 5154/2018

5. DATA DA SOLICITUDE: 05.12.2018

Consta de acometida directa de gas natural redactado polo Enxeñeiro Industrial Ángel Casas Bachiller visado o 29.11.2018

Consta informe do Técnico Municipal de Patrimonio de 29.08.2019 na que se fai referencia á necesidade de autorización da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo.-

Consta autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 19.12.2019.

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, favorable, do 27.12.2019

Informe de Secretaría, favorable, de 28.01.2019.

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de obra a Nedgia Galicia SL para acometida de gas domiciliaria na Rúa Carreira nº 1 de acordo co proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Ángel Casas Bachiller visado o 29.11.2018

Outros datos do expediente:

a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza PE-1. Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Cambados, de solo urbano, entorno BIC Pazo de Fefiñans

b) Orzamento: 312,03 €

Condições:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude:

1. Adoptaranse tódalas medidas persoais e colectivas precisas para garantir a seguridade tanto do tráfico peonil e rodado da vía pública lindeira, como dos operarios e medios empregados para a execución das obras solicitadas. Axustándose en todo momento ó disposto polas vixentes Ordenanzas de Seguridade e Hixiene na Construción. Mais concretamente co Estudo Básico de Seguridade e Saúde redactado polo Enxeñeiro Industrial Ángel Casas Bachiller, visado en data 29.11.2018

2. As iniciaranse nun prazo non superior a 3 meses e remataranse nun prazo non superior a 6 meses a contar dende a notificación da licenza municipal.

3. Cumprirá coas condicións impostas pola autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 19.12.2019, que se inclúe no expediente, así como cumprirá coas condicións impostas no Proxecto Técnico redactado polo Enxeñeiro Industrial Angel Casas Bachiller, visado en data 29.11.2018

4. O orzamento das obras ascende a 312,03 €

5. O solicitante notificará ao Servizo de Vías e Obras a finalización da construción, aos efectos de proceder a comprobación da mesma.

3.- Expediente 2595/2017. Licenza Urbanística.- Substitución de portal en Rúa Hospital, 35 (Promotora: *)

1.PETICIONARIA: *

2.EN REPRESENTACIÓN DE: *

3.OBXECTO DA OBRA: Substitución de Portal

4.LUGAR DAS OBRAS: Rúa Hospital nº 35

5.EXPEDIENTE: 2595/2017

6.DATA DA SOLICITUDE: 03.07.2017

Consta memoria de substitución de portal redactada pola Arquitecta Paula Alfonso Laya.

Consta informe do Arquitecto Municipal, favorable, do 22.02.2018

Consta informe favorable do Técnico Municipal de Patrimonio de 18.09.2017
Consta informe favorable da Comisión Municipal de Patrimonio en sesión de 16.10.2017.
Informe de Secretaría, favorable, de 27.01.2020.

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal a * para substitución de portal en Rúa Hospital nº 35 de acordo coa memoria de substitución de portal redactada pola Arquitecta Paula Alfonso Laya.

Outros datos do expediente:

- a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza PE-1. Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Cambados
- b) Orzamento: 1.870,50 €

Condições:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude.

- a) **Non se poderá realizar no local ningunha actividade** sen a preceptiva autorización municipal, sendo accesible única e exclusivamente para conservación e mantemento do local.
- b) As únicas obras autorizadas son as definidas no proxecto.
- c) A dirección de obra será levada a cabo pola Arquitecta Dña. Paula Alfonso Laya.
- d) Deberanse cumprir as normas de seguridade e saúde nas obras, así como as condicións necesarias do centro de traballo.
- e) Non se autoriza a incrementar volume da edificación, nin a executar obras que non sexan de conservación e mantemento, que en ningún momento poderán afectar a elementos estruturais.
- f) Non se autoriza a modificar, alterar, reformar ningún elemento estrutural, tanto principal como secundario.
- g) Deberá dispoñer a pé de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
- h) Non se autoriza ningún movemento de terras, execución de zanjas ou arquetas na vía pública.
- i) As obras executaranse coa debida comunicación do seu comezo ás empresas subministradoras, de ser o caso.
- j) Antes do comezo deberá colocar un valado de protección, para o cal deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal e/ou provincial u autonómico si se realiza en solo público.
- k) No seu caso, deberase incluír no proxecto de execución o proxecto de andamiaxe proxectado, así como liquidar as taxas de ocupación de vía pública, no caso de ser necesaria a súa utilización.
- l) O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra.
- m) Calquera modificación que se realice sobre as actuacións autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.
- n) De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 17 do seu Regulamento de disciplina urbanística, os prazos da iniciación, interrupción máxima e finalización das obras indícanse a continuación:
- o) Iniciación, dentro dos 2 seguintes ao outorgamento da licenza.
- p) Interrupción máxima de 2 meses, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez outorgarase prorroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de

forza maior.

- q) Finalización dentro do prazo de 3 meses seguintes ao outorgamento da licenza.
- r) Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa ou simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización.
- s) Á finalización da obra, esta deberá ser comunicada ao Concello para a súa comprobación.
- t) Deberá cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo cal se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia e as establecidas no Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo cal se regula a produción de residuos de construción e demolición.

4.- Expediente 4198/2019. Licenza Urbanística.- Reforma e ampliación de construción existente para uso de taller de vehículos en Veiga, 3A - Corvillón (Promotor: *)

- 1. PETICIONARIO: *
- 2. OBXECTO DA OBRA: Reforma e ampliación de edificación existente
- 3. LUGAR DAS OBRAS: Veiga 3A (Corvillón)
- 4. EXPEDIENTE: 4198/2019
- 5. DATA DA SOLICITUDE: 20.08.2019

Consta proxecto de reforma e ampliación de construción existente para uso de taller redactado polo Arquitecto Santiago Cotón Díaz visado o 19.08.2019.

Dirección da execución das obras: D. Miguel Rey Vázquez (Arquitecto Técnico)

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, favorable, de 16.12.2019.

Informe de Secretaría, favorable, de 27.01.2020.

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de obra maior a * para reforma e ampliación de edificación existente no lugar Veiga 3A (Corvillón) de acordo co proxecto de reforma e ampliación de construción existente para uso de taller redactado polo Arquitecto Santiago Cotón Díaz visado o 19.08.2019.

Outros datos do expediente:

- a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza nº 6 de entidades rurais de poboación
- b) Orzamento: 35.406,30 €
- c) Referencia Catastral: 5792616NH1059S0001HQ
- d) Uso: Uso de garaxe – aparcamento e servizos do automóbil (Categoría 5ª)
- e) Parcela: 580m² > 400 m²
- f) Ocupación máxima: 241,15 m² < 50 %
- g) Edificabilidade: 283,15 m² < 0,60 m² / m²
- h) Altura: < 7.00 m

Condicións:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude.

- a) As obras comezarán nun prazo inferior a 6 meses e finalizarán nun prazo non superior a 36 meses, dende a data do seu outorgamento; Non poderá interromper as obras por tempo superior a seis meses.
- b) A licenza entenderase outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros,

segundo o artigo 12 do Decreto 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

c) Os medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán coas disposicións mínimas de seguridade nas obras de construción. RD 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar aos usuarios e instalacións da vía pública é competencia unicamente do contratista. As estadas cumprirán a Norma UNE 76-502-90 e o Documento de Harmonización HD1000 de xuño de 1998 adoptado polo Comité Europeo de Normalización (CEN) o 2/9/1998.

d) Unha vez rematadas as obras de acondicionamento, deberá presentarse comunicación previa para o inicio da actividade.

5.- Expediente 4226/2019. Licenza de Primeira Ocupación.- Vivenda unifamiliar en Camiño da Grenla (Promotora: *)

1. PETICIONARIA: *

2. LUGAR DAS OBRAS: Rúa da Grenla s/n

3. EXPEDIENTE: 4226/2019

4. DATA DA SOLICITUDE: 16.08.2019

5. OBXECTO: Licencia de Primeira Ocupación de Vivenda Unifamiliar

Consta licenza municipal de obra concedida a * para a execución de vivenda unifamiliar de soto, planta baixa e planta alta por acordo da Xunta de Goberno Local de 26.05.2008

Consta no expediente certificado de final de obra visado o 11.12.2012

Consta informe de inspección favorable do técnico municipal de 13.12.2019

Consta informe de Secretaría, favorable, de 28.01.2020

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal a * para primeira ocupación de vivenda unifamiliar Rúa da Grenla s/n (RC 5665207NH1056N0001WA)

Outros datos do expediente:

a)Uso: Vivenda Unifamiliar

b)Referencia Catastral: 5665207NH1056N0001WA

6.- Expediente 2631/2018. Autorización proxecto de execución de vivenda unifamiliar en Bouciña, 2 - Vilariño (Promotor: *)

1. PETICIONARIO: *

2. OBXECTO DA OBRA: Vivenda Unifamiliar

3. LUGAR DAS OBRAS: Bouciña nº 2 (Vilariño) 7467704NH1076N0001QL

4. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2631/2018

5. DATA DA SOLICITUDE: 26.06.2018

Consta proxecto básico do Arquitecto Manuel Rodríguez Fontán.

Consta informe da Axencia Galega de Infraestruturas de 26.03.2019 a inexistencia de zonas de protección no tramo urbano de estrada.

Emitiuse informe do Arquitecto Municipal de 08.05.2019, favorable.

Informe de secretaría, favorable, de 14.05.2019.

Consta licenza municipal concedida a * para vivenda unifamiliar no lugar de Bouciña nº 2 (Vilariño) de acordo co proxecto básico redactado polo Arquitecto Manuel Rodríguez

Fontán.

Consta proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar redactado polo Arquitecto Manuel Rodríguez Fontán visado o 03.10.2019.

Arquitecto técnico: Manuel Elías Cacabelos Domínguez.

Consta documento de cesión para a apertura e regularización do viario preciso subscrita o 18.12.2019.

Consta informe técnico favorable de 04.12.2019.

De acordo co informe técnico anterior a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Autorizar o proxecto de execución e o inicio das obras de vivenda unifamiliar promovidas por * no lugar da Bouciña nº 2 (Vilariño) de acordo co proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar redactado polo Arquitecto Manuel Rodríguez Fontán visado o 03.10.2019

Outros datos do expediente:

- a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza 6: Solo urbano de entidades rurais de poboación
- b) Orzamento: 64.882,80 €
- c) Ocupación: 34% < 50%
- d) Edificabilidade: 0.31 m²/m² < 0.60 m²/m²
- e) Parcela: 401,00 m² > 400m²
- f) Altura: 3,09 m. m < 7.00 m
- g) Uso: Residencial (Vivenda Unifamiliar)
- h) Superficie de cesión: 44,60 m²

Condições:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude.

- a) As obras executaranse baixo a Dirección Técnica da obra do Arquitecto D. Manuel Rodríguez Fontán.
- b) O director de Execución será levada a cabo por D. Manuel Elías Cacabelos Domínguez.
- c) A Coordinación de Seguridade e Saúde será levado a cabo por D. Manuel Elías Cacabelos Domínguez..
- d) Deberá dispoñer a pe de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
- e) O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, si é necesaria para as obras solicitadas.
- f) Deberá dispoñer en obra da Licenza e o Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o cal deberá entregar unha segunda copia idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.
- g) As obras axustaranse estritamente ao autorizado, calquera modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.
- h) De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2.016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 17 do seu Regulamento de disciplina urbanística, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras indícanse a continuación:
 - Iniciación, dentro dos 3 seguintes ao outorgamento da licenza
 - Interrupción máxima de 3 meses, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez se outorgará prorroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza

maior.

- Finalización dentro do prazo de 24 meses seguintes ao outorgamento da licenza.
- i) Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa ou simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización.
- j) En todo caso a edificación non poderá ser ocupada ata que as obras estean terminadas completamente, debendo solicitar no seu momento ao Concello a preceptiva Licenza de Primeira Ocupación ou utilización, anexando o Certificado de Final de Obra, expedido polos directores da mesma, así como se procede, a Acta de Recepción que se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.
- k) A conexión aos servizos municipais previamente á súa execución, deberá ser autorizada polo organismo titular do vial ao que da fronte la parcela, executando ditas obras de acordo coas características que indicadas polas empresas responsables de ditos servizos.
- l) No caso de ocupar vía pública, deberá solicitar a correspondente autorización do organismo titular do vial.
- m) Deberase entregar conxuntamente coa documentación de final de obra para a obtención da Licenza de 1ª Ocupación o Certificado de Eficiencia enerxética de edificio terminado.
- n) Deberá formalizarse a correspondente declaración de alta/alteración no Catastro Inmobiliario no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á data de finalización das obras, segundo o dispón o art. del R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba el Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o título II do R.D.L. 1/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario.
- o) Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.

7.- Expediente 3482/2017. Autorización proxecto execución para ampliación de vivenda en Baltar - Castrelo (Promotor: *)

1. PETICIONARIA: *

2. OBXECTO DA OBRA: Ampliación de Vivenda Unifamiliar

3. LUGAR DAS OBRAS: Lugar Baltar – Castrelo 6346301NH1064N0001HR

4. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 3482/2017

5. DATA DA SOLICITUDE: 12.09.2017

Consta proxecto básico sen visado colexial para a ampliación de vivenda unifamiliar realizado polo Arquitecto Baltasar Otero Gomez.

Consta Anexo do Proxecto básico para a ampliación de vivenda unifamiliar realizado polo Arquitecto Baltasar Otero Gomez.

Emitiuse informe do Arquitecto Municipal de 05.06.2018, favorable.

Informe de secretaría, favorable, coas observacións nel indicadas, de 31.07.2018

Consta Resolución da Alcaldía do 01.08.2018 pola que se concede licenza municipal a * para a ampliación de vivenda unifamiliar no lugar Baltar – Castrelo de acordo co Proxecto básico e Anexos redactados polo Arquitecto Baltasar Otero Gomez

Consta proxecto de execución e estudo xeotécnico para a ampliación de vivenda unifamiliar redactado polo Arquitecto Baltasar Otero Gomez visado o 04.10.2018

Arquitecto técnico: Jose Manuel Millán Armas

Consta informe do Arquitecto Municipal, favorable, de 11.12.2018

De acordo co informe técnico anterior a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Autorizar o proxecto de execución e o inicio das obras para ampliación de vivenda

unifamiliar promovidas por * no lugar Baltar – Castrelo de acordo co proxecto de execución e estudo xeotécnico para a ampliación de vivenda unifamiliar redactado polo Arquitecto Baltasar Otero Gomez visado o 04.10.2018.

Outros datos do expediente:

- a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza 6: Solo urbano de entidades rurais de poboación
- b) Orzamento: 53.768,00 €
- c) Ocupación: 50% < 282,77 m²
- d) Edificabilidade: 0,60 m²/m² < 282,77 m²
- e) Parcela: 400,00 m² < 1.608,00 m²
- f) Altura: 7,00 m < 7,00 m
- g) Uso: Residencial

Condicións:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude.

- a) As obras executaranse baixo a Dirección Técnica da obra do Arquitecto D. Baltasar Otero Gomez e do arquitecto Técnico José Manuel Millán Armas.
- b) Deberá dispoñer a pe de obra o cartel indicador da Licencia Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
- c) O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, si é necesaria para as obras solicitadas.
- d) Deberá dispoñer en obra da Licenza e o Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o cal deberá entregar unha segunda copia idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.
- e) As obras axustaranse estritamente ao autorizado, calquera modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.
- f) De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2.016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 17 do seu Regulamento de disciplina urbanística, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras indícanse a continuación:
 - Iniciación, dentro dos 3 seguintes ao outorgamento da licenza
 - Interrupción máxima de 3 meses, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez outorgarase prorroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.
 - Finalización dentro do prazo de 24 meses seguintes ao outorgamento da licenza.
- g) Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa o simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización.
- h) En todo caso a edificación non poderá ser ocupada ata que as obras estean terminadas completamente, debendo solicitar no seu momento ao Concello a preceptiva Licenza de Primeira Ocupación ou utilización, anexando o Certificado de Final de Obra, expedido polos directores da mesma, así como se procede, a Acta de Recepción que se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.
- i) A conexión aos servizos municipais previamente a súa execución, deberá ser autorizada polo organismo titular do vial ao que da frente a parcela, executando ditas obras de acordo coas características que indicadas polas empresas responsables de ditos servizos.
- j) En caso de ocupar vía pública, deberá solicitar a correspondente autorización do organismo titular do vial.
- k) Deberase entregar conxuntamente coa documentación de final de obra para a obtención da Licenza de 1ª Ocupación o Certificado de Eficiencia enerxética de edificio terminado.

- l) Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.

8.- Expediente 1044/2019. Comunicación previa.- Acometida de telecomunicacións no Polígono Industrial de Sete Pías (Promotor: R-Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.)

Rfª Catastral:

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 10/06/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

9.- Expediente 4539/2019. Comunicación previa.- Pintado de fachadas en Rúa Caamaño Bournacell, 5 (Promotora: *)

Rfª Catastral: 5672048NH1057S0001XD

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 09/12/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

10.- Expediente 4580/2019. Comunicación previa.- Pintar fachada en Rúa Os Olmos, 2 - baixo (Promotora: *)

Rfª Catastral:

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 09/12/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

11.- Expediente 4612/2019. Comunicación previa.- Retello en Tragove, 50 - Corvillón (Promotor: *)

Rfª Catastral: 5291802NH1059S0001YQ

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 09/12/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

12.- Expediente 5310/2019. Comunicación previa.- Retirada de columna en mal estado en Bouza - Castrelo (Promotora: *)

Rfª Catastral: 6239109NH1063N

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 12/11/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

13.- Expediente 6109/2019. Comunicación previa actividade.- Lavandería en autoservizo en Avda. de Vilariño, 28 - baixo (Promotor: Galvan Trevizan, S.L.)

Rfª Catastral: 5572809NH1057S0001ED

Consta licenza municipal de obra concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o 14.12.2016

Consta certificado de final de obra visado o 10.08.2017

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 19/12/2019 que di,

“Realizada visita de inspección en data 27.11.2017, e una vez subsanadas as deficiencias detectadas naquela visita e xustificadas na documentación técnica aportada de data 29.11.2019, compróbose que as obras :

1. Atopanse realizadas de conformidade coa licenza, proxecto e documentación de estado definitivo presentados no seu día.

Comprobado o cumprimento da normativa urbanística vixente neste término municipal, emito informe

F A V O R A B L E”

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa de actividade de lavandería en autoservizo en Avda. de Vilariño, 28 - baixo

14.- Expediente 4345/2019. Comunicación previa.- Colocación de poste de madeira en Modia, 31 - Vilariño (Promotor: Telefónica España, S.A.)

S/Rfª: 36-19-7963935

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30/10/2019, no que se recolle que: *“... Á vista da documentación aportada, onde se comproba que se trata da instalación dun poste de madeira que permita a instalación de fibra óptica (entendese aérea), nunha zona clasificada como solo de núcleo rural e toda vez que o artigo 26.2.b da vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, prohibe os novos tendidos aéreos, é polo que o meu informe é DESFAVORABLE, á comunicación previa presentada”.*

A Xunta de Goberno Local, acorda informar á promotora de que a actuación comunicada contravén a normativa urbanística de aplicación e que non cabe a súa execución pola motivación técnica anterior.

15.- Expediente 5503/2019. Comunicación previa.- Acometida sumidoiros en Avda. de Castrelo (Promotora: *)

Rfª Catastral: 36006A02100080000OZ

Consta informe do Servizo de Saneamento, de data 19/11/2019, que se emite no seguinte sentido: *“... - Non existe un uso doméstico, non existe vivenda, polo tanto as augas a verter non son augas residuais domésticas. Do mesmo xeito, tampouco existe actividade industrial.*

- Trátase dunha finca, sen edificar, con uso de labradío.

- As augas pretendidas para verter a rede de sumidoiros son as de anegamento da finca en época de chuvia, polo tanto son augas que deben canalizarse mediante regachos, canles agrícolas; e non por tubaxes dos viales.

- Non existe rede separativa por diante da parcela, isto é na PO-550, Castrelo.

Por non darse as condicións necesarias, este servizo informa desfavorablemente a devandita conexión de acometida a rede de sumidoiro municipal”.

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 18/12/2019, no que se recolle que "... Na zona non existe rede de pluviais a que conectar esas augas procedentes do desangre dunha finca rústica".

A Xunta de Goberno Local, acorda informar á promotora de que a actuación comunicada contravén a normativa urbanística de aplicación e que non cabe a súa execución pola motivación técnica anterior.

16.- Expediente 5077/2019. DEVOLUCIÓN FIANZA (8.500,00 €) CONTRATO CONSERVATORIO E ESCOLA ELEMENTAL DE MÚSICA – ARTAROUA, S.L.

Dáse conta da proposta da Alcaldesa, de data 22/01/2020, na que se recolle o seguinte: "Á vista da solicitude de devolución de garantía definitiva por importe de 8.500,00 €, presentada por ARTAROUA S.L. con NIF B94067840, e correspondente ao contrato de prestación do Servizo de "CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA MUNICIPAIS DE MÚSICA" adxudicado no ano 2014.

Visto que con data 29/09/2014 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo de adxudicación a favor da Empresa ARTAROUA, S.L. do contrato de prestación do Servizo de "CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA MUNICIPAIS DE MÚSICA".

Visto que con data 02/10/2014 formalizouse o contrato, fixándose na cláusula terceira do mesmo a súa duración: "A duración do contrato de prestación do servizo será de 2 anos, porrogable por outros dous."

Considerando que o contrato foi cumprido pola contratista que realizou a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido nos pregos do contrato e a satisfacción da Administración, habendo sido conformadas e aboadas todas e cada unha das facturas que foi presentando a contratista ao longo da execución do contrato.

Visto o disposto nos artigos 102 e 307 Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Visto que ten transcorrido mais dun ano dende a data de terminación do contrato, e téndose cumprido satisfactoriamente o contrato.

Visto o Informe de Intervención de data 22/01/2020, de conformidade con observacións.

En uso das competencias atribuídas á Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da LCSP, delegadas na Xunta de Goberno Local en virtude de Resolución da Alcaldía do 08.07.2019 propónse a adopción do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a devolución da garantía definitiva constituída por Artaroua S.L. (B94067840) o 23.09.2014 por importe de 8.500,00 €, relativa ao contrato de prestación do Servizo de "CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA MUNICIPAIS DE MÚSICA" adxudicado o 29/09/2014.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao contratista.

TERCEIRO. Dar traslado da presente Resolución á Intervención e Tesourería Municipal e ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que celebre."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e consonte coa referida proposta, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a devolución da garantía definitiva constituída por Artaroua S.L. (B94067840) o 23.09.2014 por importe de 8.500,00 €, relativa ao contrato de prestación do Servizo de "CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA MUNICIPAIS DE MÚSICA" adxudicado o 29/09/2014.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao contratista.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución á Intervención e Tesourería Municipal e ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que celebre.

ASUNTOS DE URXENCIA.-

Pola Sra. Alcadesa partíciplaselle aos concelleiros membros que, a fin de non demorar máis a resolución dos expedientes 518/2018 e 2539/2019, relativos a responsabilidades patrimoniais, dos que xa se dou conta en anteriores sesións desta Xunta de Goberno, procedería a súa inclusión por urxencia, toda vez que non foi posible facelo no momento da convocatoria, polo que interesa a ratificación da súa inclusión por urxencia.

Sometido a votación, os membros da Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordan ratificar a urxencia, e na súa consecuencia proceden a tratar os asuntos referenciados.

17.- Expediente 518/2018.- Responsabilidade * .-

Visto o informe da Intervención de data 14/01/2020, sobre a omisión da fiscalización observada no expediente 518/2018:

<i>Expediente de orixe</i>	<i>Núm.</i>
RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL *****	518/2018
<i>Natureza do gasto</i>	<i>Importe</i>
Responsabilidade patrimonial	1.840,86 €
<i>Órgano xestor</i>	<i>Órgano competente</i>
ASESORÍA XURIDICA	Xunta de Goberno Local

Visto que por Acordo da Xunta de Goberno Local XGL/2019/33-6 de data 27/11/2019, estimouse a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona *, expediente 518/2018, sen que se remitira previamente á Intervención para o trámite de fiscalización e intervención previa, sendo o citado informe de Intervención preceptivo.

De conformidade co establecido no artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o gasto tramitado con omisión de fiscalización, recoñecendo a obrigaón por importe de 1.840,86 € contraída a favor de *, en concepto de responsabilidade patrimonial expediente 518/2018.

SEGUNDO.- Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría, aos efectos de practicar as anotacións contables correspondentes ao presente recoñecemento e liquidación de obrigaón.

18.- Expediente 2539/2019.- Responsabilidade Patrimonial *

Visto o informe da Intervención de data 14/01/2020, sobre a omisión da fiscalización observada no expediente 2539/2019:

Expediente de orixe	Núm.

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL *****	2539/2019
Natureza do gasto	Importe
Responsabilidade patrimonial	468,24 €
Órgano xestor	Órgano competente
ASESORÍA XURIDICA	Xunta de Goberno Local

Visto que por Acordo da Xunta de Goberno Local XGL/2019/31-2 de data 13/11/2019, estimase a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona *, expediente 2539/2019, sen que se remitira previamente á Intervención para o trámite de fiscalización e intervención previa, sendo o citado informe de Intervención preceptivo.

De conformidade co establecido no artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o gasto tramitado con omisión de fiscalización, recoñecendo a obrigaón por importe de 468,24 € contraída a favor de *, en concepto de responsabilidade patrimonial expediente 2539/2019.

SEGUNDO.- Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría, aos efectos de practicar as anotacións contables correspondentes ao presente recoñecemento e liquidación de obrigaón.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE